Nº 70
12/12/2018

Deputación DA CORUÑA

Boletín de Medio Ambiente

Día internacional das montañas

O Día Internacional das Montañas ten a súa orixe en 1992, cando a adopción do Capítulo 13 do Programa 21 "Ordenación dos Sistemas Fráxiles: Desenvolvemento Sustentable das Zonas de Montaña", marcou un fito na historia do desenvolvemento das zonas de montaña durante a Conferencia das Nacións Unidas sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento. A Asemblea Xeral da ONU declarou 2002 como Ano Internacional das Montañas e en 2003 declarou o 11 de decembro como o Día Internacional das Montañas.

Noticias

As emisións de CO_2 dispáranse en 2018

Segundo o informe do *Global Carbon Project* publicado na revista *Nature* e presentado no cume do cambio climático en Katowice (Polonia), as emisións de CO_2 dispáronse no 2018. O aumento estimado a finais de ano é do 2,7%, fronte ao repunte do 1,6% experimentado en 2017 e tras a estabilización do período 2014-16.

A apertura de novas centrais térmicas de carbón en Asia, a maior demanda eléctrica en EEUU polo frío extremo no inverno, as ondas de calor no verán e o aumento da frota de automóbiles con motores de combustión son algunhas das razóns que explican o aumento das emisións que deixa no aire os compromisos do acordo de París.

Fonte: El Mundo

Fukushima: dun grave accidente nuclear a ser pioneira en renovables

Tras o grave accidente nuclear en 2011, Fukushima marcouse novos retos e aspira a converterse nun exemplo a nivel mundial en enerxías renovables. A formulación que ten o Goberno xaponés prioriza a seguridade enerxética. Para cumprir con este propósito están a construír unha das plantas de hidróxeno máis grandes do mundo. Está previsto que as obras finalicen en outubro de 2019 e que en 2020 comecen os estudos de viabilidade. O hidróxenó é o combustible máis limpo que existe, pois non xera CO_2, e pretenden convertelo na súa principal fonte de enerxía.

Fonte: 20 minutos

China planea crear unha granxa de nubes no Tíbet para controlar o clima

Os métodos que o Goberno chinés usa para asegurar un ceo azul son coñecidos. O que fan é asperxer yoduro de prata nas nubes. Este elemento propicia a precipitación de choivas ou de neve, como sucedeu en 2009, cunha das nevadas máis copiosas rexistradas na capital chinesa, que foi provocada por 186 foguetes cargados con estes químicos. A técnica, denominada sementado de nubes, non é nova, xa que países desérticos como Israel levan desenvolvéndoa e experimentando con ela desde a década de 1970.

Agora, se propuieron deixar de utilizar esta técnica de forma puntual para instalar unha xigantesca rede de chemineas que permitan modificar o clima do Tíbet. O proxecto ten como obxectivo lograr entre 5.000 e 10.000 millóns de metros cúbicos de auga adicionais para as rexións norteñas do país. Isto supón incrementar a capacidade hídrica do país ata un 7%.

Fonte: El Diario

Cazada unha loba lexendaria de Yellowstone

Un cazador de trofeos dispara e mata a unha loba do Parque Nacional de *Yellowstone*, en Estados Unidos. *Spitfire*, nome polo que se coñecía ao animal, tiña sete anos e representaba a unha lendaria estirpe do parque nacional estadounidense; era descendente directa dos primeiros lobos que repoboaron o parque.

O animal afastouse dos límites invisibles de *Yellowstone* antes de ser abatida legalmente por un cazador de trofeos preto da entrada nordés do parque, segundo confirmou o Departamento de Pesca, Vida Silvestre e Parques de Montana.

Fonte: ABC

Unha película transparente para xanelas evita o 70% da calor solar

En Estados Unidos, preto dun 6% de toda a electricidade que produce destínase a reducir a temperatura con aire acondicionado. Isto supón 29.000 millóns de dólares anuais. Un equipo de investigadores do *Massachusetts Institute of Technology* deu cun produto que reduce a necesidade de acender o aire acondicionado.

Pretenden evitar que o interior das casas chegue a quentarse polo sol a través das xanelas. Tentan aproveitar o mellor do sol cando máis se necesita e evitar o sufoco cando non é necesario. Conseguírono cunha película transparente que se adhire ás xanelas e que permite o paso dos raios mentres a temperatura exterior sexa de 32 graos. Por encima desta temperatura, o filme impide que entre a calor. É capaz de bloquear o 70% da calor solar, co consecuente aforro en aire acondicionado.

Fonte: El País

Sabías que...

Nas festas do Nadal prevese que un 25% da comida tirarase ao lixo?

Si queremos realizar un menú do Nadal tradicional, sempre podemos evitar aquelas especies máis ameazadas, como o atún vermello ou o rodaballo salvaxe. Ademais, á hora de comprar, hai que fixarse na etiquetaxe, para saber ben a procedencia dos produtos, e decantarse por produtos locais e de tempada.

Boas Prácticas

A nova estratexia dos científicos climáticos: a economía

Katherine Hayhoe, Directora do Centro para a Ciencia do Clima da Universidade Texas Tech e responsable do deseño dos escenarios para o futuro recolleitos no informe climático publicado en novembro, reflexionou moito sobre os motivos polos que o público non acaba de mobilizarse en consonancia cos riscos que afrontamos.

"O quecemento global non nos afecta a cada un de nós hoxe. Afecta, si, pero ás plantas, ao xeo, ás xeracións futuras, aos países en desenvolvemento ou ao oso polar no Ártico, un animal que case ninguén viu nin verá na súa vida". Esa distancia, segundo ela, é o mito a combater. Porque en realidade nos está afectando a todos e cada un de nós vivamos onde vivamos. Ese impacto aumentará a medida que o cambio climático avance e iso é o que debemos explicar".

Fonte: El Diario

A xustiza francesa multa por primeira vez a un cruceiro por contaminación

O xigante estadounidense *Carnival* e o capitán do barco deberán pagar 100.000€ por usar un fueloil con máis xofre do permitido. É unha decisión sen precedentes en Francia e abre unha interesante vía no cada vez máis apremiante debate sobre a contaminación do aire e a responsabilidade das compañías de medios de transporte masivo.

Fonte: El País

Diñeiro a cambio de reciclar

Unha empresa murciana empezou a instalar as primeiras máquinas que ofrecen incentivos pola reciclaxe de envases en supermercados, tendas, restaurantes, asociacións e centros educativos de España. E os resultados son positivos: en dúas semanas, unha unidade activa en Derio, en Biscaia, permitiu recuperar máis de 4.000 envases.

O proceso é sinxelo, levar os envases ata unha destas máquinas, introducilos, apertar un botón e recibir a recompensa. Segundo o equipo instalado, esta pode ser en moedas ou en vales de desconto nos establecementos nos que estea instalado o equipo. Para saber a localización, pódese consultar na **súa páxina web**.

Fonte: Ecoinventos

Axenda Ambiental

- 10/12/2018 – 16/12/2018 Proxecto Libera. 1m^2 por o campo, os bosques e o monte
- 13/12/2018 Adaptación ao cambio climático dende a perspectiva local: Foro de boas prácticas na xestión ambiental municipal. Oleiros
- 16/12/2018 I Olimpiadas Patrimoniais Cíes-Illas Atlánticas
- 18/12/2018 Xornada "COP24 *Katowice*: *The Day After*" Madrid

Deputación da Coruña
Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente
Email: medioambiente@dacoruna.gal